

GALEGOS NO MUNDO

Desde tempos recuados, os autores galegos teñen atopado en Madrid acubillo para o exilio e un espacio onde desenvolver a súa creatividade. Partindo deste feito incuestionable, Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel coordinan o volume *En tránsito*, antoloxía dos poetas que, nalgún momento -máis ou menos longo- da súa existencia habitaron os espacios madrileños. Así, comezando en Celso Emilio Ferreiro e rematando en Victoria Veiguela, revísase a produción de, entre outros, Xosé María Díaz Castro, Alfonso Armada ou Claudio Pato. O prólogo de Ana Acuña e o epílogo de Borobó completan este tránsito pola poesía dos que este último denomina “*poetas madrigalegos*”.

Tempos Novos, 58, marzo 2002, p. 73

